



# ILLA DE SAN SIMÓN

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 2 km  
**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 1 hora

## PRINCIPAIS INSTALACIÓNS DAS ILLAS DE SAN SIMÓN E SAN ANTÓN



O verán é unha boa ocasión para organizar unha visita á Illa de San Simón, un lugar cargado de simbolismo e significados e de gran valor cultural, vinculado cos distintos papeis que xogou ao longo da historia: referencia literaria medieval, mosteiro, lazareto para doentes infecciosos ou cárcere política da ditadura franquista; e ambiental, por estar enclavadas nunha área protexida como LIC “Enseada de San Simón” e polo seu propio valor natural ao acoller varias especies de árbores senlleiras. Actualmente están xestionadas pola Xunta de Galiza que as convertiu nun espazo museístico e acollen numerosas actividades lúdicas e culturais.

San Simón foi fonte de inspiración para infinidade de lendas e para artistas de moitas épocas: escritores, músicos, pintores, escultores... e a súa visita non nos deixa indiferentes, pola fermosura da paisaxe, pola evocación dos sucesos que alí tiveron lugar, polo recordo das numerosas vítimas da represión que por alí pasaron...

As illas de San Simón e de San Antón, xunto cos illotes San Bartolomeu e San Norberto forman un pequeno arquipélago situado na enseada de San Simón, na ría de Vigo. Pertencen á parroquia de Cesantes (Redondela)

### COMO CHEGAR

Para visitalas é preciso dispor de transporte (hai empresas que organizan viaxes guiados) e solicitar un permiso á Xunta de Galiza  
[illadesansimon.cultura@xunta.es](mailto:illadesansimon.cultura@xunta.es).



Enseada de San Simón



Enseada de San Simón desde un dos miradoiros da illa.



Illa de San Simón e Praia de Cesantes desde a Punta do Cabo



Enseada de San Simón

## HISTORIA

Aínda que se cree que estiveron habitadas desde tempos moi antigos, as primeiras referencias históricas de presenza humana nas illas é do século XII, coa existencia dun mosteiro fundado pola Orde do Temple e ata o século XVIII foron varias as comunidades monásticas que atoparon refuxo nas illas. En 1589 foi saqueada por piratas ingleses, entre os que se atopa o célebre Francis Drake.

O 1 de xuño de 1838 inaugúrase o lazareto marítimo (casa de pragas) de San Simón para dar acollida en corentena aos viaxeiros que chegaban enfermos nos navíos procedentes do extranxeiro. Estivo en funcionamento durante 85 anos. A illa de San Simón funcionaba como zona de corentena dos buques e a pasaxe, e a de San Antón (lazareto suxo) para os enfermos contaxiosos. Ambas estaban separadas por unha ponte na que había dúas portas que facilitaban o envío de víveres e medicamentos e protexían dos contaxios.

Entre 1936 e 1943 funcionou como cadea para presos políticos do réxime franquista. Foi un campo de concentración e exterminio no que se calcula que permaneceron internos en diversos períodos máis de seis mil cidadáns. A illa grande destinábase a prisión e a pequena para acuartelamento dos gardas.

Máis tarde funcionou como residencia de verán para a garda de Franco, que foi clausurada en 1950, despois dun naufraxio no que morreron 43 persoas.

Entre os anos 1955 e 1963 funcionou o Fogar Méndez Núñez para a formación de orfos de mariñeiros.

En 1998 o arquitecto César Portela elaborou un Plan Director para a rehabilitación e recuperación dos edificios e espazos e adaptalos para usos culturais e públicos.

En 1999 foron declaradas Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galiza.

No ano 2006 a Consellería de Cultura elixiu o arquipélago de San Simón como símbolo da represión no Ano da Memoria.

Desde o ano 2007 a Fundación Illa de San Simón é a encargada de conservar e promover os valores patrimoniais e dinamizar a actividade cultural.



Illa de San Antón e ponte que a comunica coa illa de San Simón. Dúas portas entre as columnas que sobresaen da ponte creaban unha zona de intercambio libre de contaxios.



SAN ERO  
Francisco Leiro



O CUARTO DA ESFERA  
Silverio Rivas



VENTÁ AO FUTURO  
Manolo Paz

## OS TROVADORES

Manuel Ferreiro Badía (1988)

Meendinho, Martín Codax e Johán de Cangas foron os tres grandes trovadores da ría de Vigo, os principais expoñentes da cantiga de amigo galego-portuguesa, unha das máis brillantes achegas á historia da lírica medieval europea.

*Sedía-m'eu na ermida de San Simón  
e cercaron-mi as ondas, que grandes son,  
eu atendendo meu amigo.*

*Estando na ermida ant'o altar,  
cercaron-mi as ondas grandes do mar,  
eu atendendo meu amigo.*

*E cercaron-mi as ondas, que grandes son:  
non ei i barqueiro, nen remador,  
eu atendendo meu amigo.*

*E cercaron-mi as ondas do alto mar:  
non ei barqueiro, nen sei remar,  
eu atendendo meu amigo.*

*Non ei barqueiro, nen remador:  
e morrerei fremosa no mar maior,  
eu atendendo meu amigo.*

*Non ei barqueiro, nen sei remar:  
e morrerei eu fremosa no alto mar,  
eu atendendo meu amigo.*

**Cantiga de amigo de Meendinho ambientada na illa de San Simón, que é a única que se conserva do trovador medieval e está considerada como unha das xoias da lírica galego-portuguesa do século XIII. Fala da desesperación dunha muller que agarda ao seu amado que non chega.**



PASEO DOS BUXOS (*Buxus sempervirens*). -7,60 a 10,80 m de altura. Includidos no Catálogo de Árbores Senlleiras de Xunta de Galiza.



**EUCALIPTO AZUL**  
(*Eucalyptus globulus*)

-varios exemplares que superan os 6 m de perímetro.

-6,70 m de perímetro.



**PIÑEIRO DE MONTERREI, PIÑEIRO INSIGNE** (*Pinus radiata*)  
-3,10 m de perímetro.



**CEDRO DO ATLAS**  
(*Cedrus atlantica*)  
-3,90 m de perímetro.



**CASTIÑEIRO DE INDIAS**  
(*Aesculus hippocastanum*)  
-2,50 m de perímetro.



**ACACIA**  
(*Acacia melanoxylon*)  
-2,80 m perímetro.



**TILLEIRA PRATEADA**  
(*Tilia tomentosa*)  
-2,60 m de perímetro.